

Xuntanza o 16 de febreiro en Santiago por unha educación pública e de calidade

A ANPA Brigantium, faise eco da iniciativa dun grupo de profesores do IES de Melide en defensa do Ensino Público. O comunicado, di así:

“Estimados/as compañeiros/as,

Debido aos continuos ataques á educación pública por parte do goberno, un grupo de profesores do IES de Melide vímonos na necesidade de crear unha Comisión en Defensa do Ensino Público (a comezo do curso) coa idea de expresar o noso profundo desacordo con estas políticas e promover actos que así o fagan ver.

Propoñémosvos agora facer unha xuntanza "por unha educación pública e de calidade" de toda a comunidade educativa (alumnos/as, pais, nais e profesorado). E que mellor data que o Entroido para amosar as nosas reivindicacións.



Foto extraída da noticia en internet

Onde? Na praza do Obradoiro. **Cando?** O Xoves de Comadres, día 16 de febreiro, ás 17h. **Como?** Como queirades, disfrazados, en comparsa, con charangas, levando camisetas reivindicativas, cartaces, pancartas,.... O que se vos ocorra (cacerolas, instrumentos, turutas,...)

Rogámosvos que fagades chegar esta mensaxe ao maior número de xente posible: ANPAS, asociacións de alumnos, compañeiros, centros, amigos...

Barracóns para o curso 2012-2013

Cos datos demográficos dispoñibles, para o curso 2012-2013 ás 42 aulas actuais operativas no CEIP Fco. Vales Villamarín haberá que sumar un par de aulas máis, que necesariamente terán que ser modulares, dada a falta de espazo existente tanto no edificio de primaria como no de infantil. E dicir, seremos 44 aulas e rebasaremos con absoluta seguridade os 1.000 alumnos/as.



Estas aulas modulares, coñecidas como barracóns, e que en principio se usarían unicamente durante o curso 2012-13 (á espera de rematar o novo colexio de infantil, do que a día de hoxe non hai nin unha soa pedra colocada), producen unha enorme preocupación nesta asociación de nais e pais, xa que ao mencionado problema da temporalidade hai que sumar o recorte do espazo de xogo que suporá a súa instalación e que conducirá a un aumento do alumnado por metro cadrado propio dun ensino de moi pouca calidade.

É imprescindible que tódolos organismos implicados, estuden e planifiquen esta situación coa antelación suficiente para que a instalación teña o menor impacto posible. Pola nosa parte, a ANPA seguirá estando en continuo contacto tanto co Alcalde de Betanzos, como cos técnicos da Xunta de Galicia para encontrar a ubicación menos mala e estudar medidas que poidan reducir os efectos negativos. **COLEXIO NOVO XA**, máis que nunca.

Información sobre os últimos Consellos Escolares

Con datas 24 e 31 de xaneiro de 2012 celebráronse dous consellos escolares no CEIP Fco. Vales Villamarín onde se trataron os seguintes temas:

- ✓ Lectura e aprobación da acta anterior. Aprobouse por unanimidade dos presentes.
- ✓ Infórmase da realización do simulacro de evacuación no colexio, sendo os resultados moi positivos, a pesar da masificación do centro. Os edificios quedaron completamente baleiros en 6 minutos, e todos os nenos/as estaban no punto de encontro sinalado en algo menos de 10 minutos. No simulacro interveu, ademais de todo o profesorado, un grupo de bombeiros de Betanzos. O simulacro permitiu, ademais, detectar puntos débiles no plan de autoprotección dos cales tomouse nota para proceder á súa corrección. O próximo simulacro intentará facerse no mes de outubro de 2012.
- ✓ A dirección do centro está a traballar, nunhas xornadas sobre epilepsia, dirixida aos mestres e noutras sobre prevención de accidentes dirixidas a nenos/as entre 6 e 9 anos
- ✓ Infórmase que a previsión de alumnado para o curso 2012-2013, requirirá de 42 aulas fixas e 2 aulas modulares (30 aulas de educación primaria e 14 de infantil)
- ✓ Presentouse a aprobación o balance económico do centro correspondente ao exercicio 2011. Aprobouse por unanimidade.

Xornadas deportivas para adultos



QUERES PROBAR?

XORNADAS GRATUÍTAS
durante o mes de febreiro

A CARGO DOS MONITORES DO CLUB DE TIRO
CON ARCO ADARVE.

Dirixidas a ADULTOS:
(NAIS, PAIS, MESTRAS, MESTRES, ...)



Lugar: Patio cuberto do CEIP Fco. Vales Villamarín

Hora: 18:00 – 19:00

Día: martes ou mércores (a convir entre os
participantes)

Apúntate para probar e coñecer este deporte.

- vía e-mail : clubadarve@hotmail.com
- ou falando co monitor de tiro con arco (patio cuberto) os martes ou mércores no horario da actividade para nenos (17:00-18:00)



Falar de educación coas familias

(sexan ou non da ANPA)

O martes, 28 de febreiro, a partir das 18:15, teremos no noso Colexio (salón de actos) e para todas as familias que o desexen, unha ocasión de encontro e de relación para conversar sobre cuestións de interese sobre a educación das nosas fillas e dos nosos fillos e, seguramente tamén, para reflexionar como pais, como nais, ou persoas diante dos tempos que corren.

Contaremos coa presenza de José Luís González, mestre, orientador familiar e persoa de experiencia con traballo de grupos de nais e pais ao redor de temas educativos.

Esperamos e rogamos a vosa asistencia, tan vital para a continuidade deste tipo de eventos que estamos a organizar.



Co fin de facilitar a asistencia este día organizaremos actividades para os nenos e nenas, cuxas nais e pais queiran asistir a esta charla / encontro.

Ao final da mesma haberá chocolate e pastas para todos os asistentes



**martes, 28 de febreiro, ás
18:15, no salón de actos**

Boletín para os pais/nais

febreiro 2012

Sr. Director, é certo que imos ter máis aulas?

Si rapaces, pero ides seguir igual de apertados.

E por riba menos patio para xogar.

2012-2013 haberá aulas novas

VALES VILLAMARIN

VALES VILLAMARIN

VALES VILLAMARIN

A Xunta instalará dúas ou tres aulas/barracóns para dar solución á falta de aulas no Vales Villamarín

ANPA Brigantium

Consulta máis información no noso blog

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](https://www.facebook.com/anpabrigantium)

anpabrigantium@gmail.com



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN